

COMUNICADO 078/20
14 DE MAIO DE 2020

NOVO VEHÍCULO DE RESCATE R6, DA FEDERACIÓN GALEGA DE AUTOMOBILISMO:

Hoxe presentouse o novo vehículo de rescate que cubrirá as necesidades de servizo das modalidades de Autocross, Karting, Slalom, Montaña e Rallymix.

Contén o debido equipamento necesario, interior e exterior de seguridade, de material médico, material de soporte circulatorio, medicación necesaria varia, fluidoterapia, material de inmovilización, útiles diversos médicos, útiles e equipación de rescate e extracción, desfibrilador, etc..

O vehículo R6 ten a mesma equipación que os utilizados na especialidade de Rallyes de Asfalto (R3, R4, e R5); o que fará a práctica do Automobilismo Deportivo de Galicia máis segura, e de novo pioneira no eido da seguridade na Península Ibérica; dando o “Team Medical Galicia” os medios necesarios axeitados para as novas esixencias e necesidades.

